

Que é o valedor?

Que é o valedor?

O valedor da comunidade universitaria é o comisionado do Claustro Universitario para a defensa e a garantía dos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria: estudantes, persoal de administración e servizos, persoal docente e investigador.

O valedor é unha institución autónoma e independente dentro da USC e a súa actuación, sempre dirixida á mellora da calidade universitaria, non está sometida a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria.

Cal é a súa función?

Cal é a súa función?

1. Recibir e tramitar as queixas que lle sexan enviadas, e buscarlles solucións.
2. Formular perante os órganos universitarios que considere oportunos suxestións e recomendacións.
3. Actuar como mediador e conciliador cando sexa requirido para iso.

Quen pode presentar queixas?

Quen pode presentar queixas?

Calquera membro da comunidade universitaria que así o desexe poderá dirixirse ao valedor persoal ou telefonicamente, así como presentar a título individual ou colectivo queixas ante o valedor.

Como se presenta unha queixa?

Como se presenta unha queixa?

1. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito e poden presentarse persoalmente na Oficina do valedor ou enviarse por correo postal, por correo electrónico, a través do formulario da páxina web ou mesmo a través de calquera rexistro da Universidade.
2. O escrito indicará: nome e apelidos, domicilio, número de teléfono, vinculación coa Universidade de Santiago de Compostela e os motivos en que se fundamenta a queixa.
3. Quedan excluídas todas as materias que estean sometidas a procesos xudiciais ou a un expediente administrativo sancionador, así como os asuntos privados entre particulares.
4. Na queixa explicárase de xeito claro as razóns en que se fundamenta e relacionarase as xestións realizadas con anterioridade. Acompañarase dunha copia dos documentos que teñan relación con ela.
5. Todas as queixas serán tratadas coa debida reserva e confidencialidade.

Onde se atopa o valedor?



A oficina do valedor está situada no seguinte enderezo:
Valedor da Comunidade Universitaria
Casa da Concha
Rúa da Conga, nº. 1
15782 - Santiago de Compostela
Teléfono: 981 547 145
Fax: 981 547 079
e-mail: valedor@usc.es

